D. Manuel Osorio Fernández, portavoz do grupo municipal do BNG de Cartelle, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galicia e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción: **en defensa e promoción dos produtores locais**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise xerada pola COVID_19 e o consecuente estado de alarma, veu a evidenciar, entre outras realidades, a dependencia dun modelo de produción e de distribución de alimentos dependentes das grandes cadeas de alimentos e dende zonas moi alonxadas do noso ámbito local.

A restrición de circulación tanto de persoas como de mercadorías consecuencia da COVID_19 obrigou a comercios e cadeas alimentarias a botar man daquelas producións locais de proximidade ante a falta de xénero para poder vender.

Como esta corporación sabe, no noso concello existen persoas que están a producir alimentos de horta, mel, ovos, polos, carne e embutidos etc., distribuídos tanto a particulares como a comercios de proximidade.

Dende o BNG de Cartelle consideramos que a situación que estamos a vivir poder ser unha oportunidade para poñer en valor os nosos produtores fixando tecido produtivo local, favorecendo o prezo final, eliminando intermediarios e reducindo custos ambientais e económicos para as propias explotacións.

Por isto, dende o grupo municipal do BNG propoñemos que dende a alcaldía ou en colaboración con outras administracións se tome en consideración os seguintes:

ACORDOS

1._ Que previo contacto cos nosos produtores se elabore un censo de explotacións locais do noso concello e se lle dea publicidade a través dípticos explicativos ou de calquera outro medio de difusión.

2._ Que, previo contacto cos produtores, os días de feiras (sería recomendábel un día lúdico como son os domingos) se estude a posibilidade de facer ao longo do ano mercados monográficos que dean a coñecer o tecido agrícola produtivo de Cartelle entre as nosas veciñas e veciños.

3._ Crear, en colaboración co resto dos concellos da Comarca, unha marca das feiras de Baixa Limia e Terra de Celanova, e establecer unha oferta de formación para os participantes no itinerario, así como ferramentas comúns de comunicación e difusión das feiras e eventos.

4._ Estudar a posibilidade de mellorar, en colaboración coa empresa de transporte, o servizo entre a nosa localidade e a cabeceira de comarca nos días mercado semanal.

Para os efectos de regulación legal, o ***Decreto 125/2014, do 4 de setembro regula venda directa dos produtos primarios das explotacións ás persoas consumidoras e o Decreto 174/2019, do 19 de decembro regula a artesanía alimentaria.***

Cartelle, 20 de maio de 2021

Portavoz do grupo municipal do BNG de Cartelle

AO ALCALDE DO CONCELLO DE CARTELLE